

A esperanza dunha lingua

Antón Cillero García

O sol acababa de saír cando o galo se puxo a cantar aquela mañá de sábado, que fixo espreguizar a Alén acubillado entre as sabas da súa cama. Abriu as pálpebras ao xeitiño e viu como a luz miúda do inverno entraba por un pequeno buraco que había na contra.

Ergueuse e baixou á cociña almorzar; o recendo do café, acabado de facer, desvelou que a súa nai aínda estaba na casa, era a única que o tomaba. Os avós estaban a carón da lareira, el esmiuzando pan do día anterior para facer as sopas de leite acabado de muxir que a avoa estaba quentando.

Cando Alén entrou calado coma un peto o avó díxolle:

- Bos días meu neno, que non durmimos xuntos!
- Bos días! - contestou el.

E sentou á súa beira despois de darlles un bico a cada un dos presentes e rir cun meco que lle acababa de facer o seu avó.

A nai acababa de poñer o almuerzo na mesa e sentou canda eles, abriu o xornal e leulles en voz alta unha nova a nivel nacional:

"Alerta lingüística en Galiza: a mocidade abandona o galego: familias, profesorado e institucións culpan a perda de falantes a prexuízos e restricións nas escolas e no mundo dixital. Os estudos sociolingüísticos alertan de que a transmisión interxeracional do idioma galego estase rompendo, a lingua precisa unha alimentación diaria para sobrevivir e o que ocorre é que os pais deixan de falarlles galego aos seus fillos..."

- Farteime! - dixo a avoa arrincándolle o xornal das mans e tirándoo ao lume - só se perde aquilo que non se garda, ou non se fixeron hórreos para conservar o millo durante todo o ano e gardalo da auga e do demo dos ratos, gran para os animais e carozos para o lume... Todos nós tiñamos que ser ese hórreo e o noso idioma esa espiga de millo, ou non se fala galego en Venezuela e Arxentina, en Francia e na Suíza...? Espallámolo durante moitos anos coa emigración e agora a xente de aquí renega del, mal raio os parta!

Na casa sempre se falara en galego, alí non tiña cabida outra lingua e aquelas noticias enfadaban moito á avoa.

Alén, que era un neno maduro de máis para os dez anos que tiña, estaba de acordo en que á avoa non lle faltaba razón, na súa escola era dos poucos que falaba o galego e non sentía nin o máis mínimo remorso por elo; ergueuse e foi lavar a louza que estaba recollendo o avó, nun silencio só rachado polas ascuas do lume e o tinguilear das cuncas nas mans tan grandes daquel home.

O vertedoiro estaba diante da xanela e dende alí podía contemplar como as galiñas, que acababa de botar a nai, andaban na procura de vermes co seu peteiro, a carón do castiro máis grande que nunca viran os seus ollos; o vento abaneaba as súas pólas e un refacho de aire máis forte ca os anteriores tirou cun niño de paxaro e del caeu algo moi pequeno que relucía. Pechou a billa da auga e botouse a correr co medo de que as pitas desen con ilo antes ca el. Apartou unhas follas e atopou unha chave dourada moi pequeniña e foi correndo a ensinarllela aos seus avós:

- Mirade o que atopei!
- De onde sacaches iso? - dixo o avó mirando de esguello á avoa.
- Do niño que acaba de caer da árbore, vén e ensínocho.

Collidos da man cruzaron a eira ata chegar ao castiñeiro e unha vez alí, o neno explicoulle todo o que pasara ata atopala e o avó contoulle a seguinte historia:

- Cando o meu irmán Eladio e máis eu eramos pequenos, atopamos o niño dun paporrubio na Zarra do Mestre, tiña ovos e non sabiamos moi ben que facer con eles; ao final decidimos poñelo nesta árbore para poder ver dende a ventá como lle daba de comer as súas crías... A partir de entón todos os anos aniña aquí algún paxaro, así que pensamos que non podía haber un lugar máis protexido para esconder esta chave, chave que abre unha caixiña de música que tamén agochamos, pero esta no faiado da casa; trouxéranola o noso avó Alfonso dunha feira, disque llela cambiaran por unhas ducias de ovos e un anaco de unto.

Nin o frío que facía alí, fixo que Alén deixase de escoitar ensimesmado todo o que lle estaba contando o seu avó, quen, decidido a atopar aquela caixa, botoulle o brazo por riba ao neno e levouno de volta para dentro da casa.

Subiron as escaleiras de madeira que levaban ao faiado e empezaron a apartar móbeis vellos e a abrir caixas cheas de po pero non daban con ela. Aínda así, ningún dos dous perdeu a esperanza de atopala ata que, de súpeto, o avó petou coa cabeza nunha das vigas e fixo que a caixiña, que alí estaba, caese ao chan.

Despois de limparlle ben o caixón e a bailarina que tiña enriba, déronlle corda e comezou a soar; estiveron os dous mirando embelesados como esta daba voltas coa música.

Cando rematou, o avó explicoulle que coa chave tiña que abrila e dentro atoparía un anaco dun mapa que ben entendido o levaría ao anaco que faltaba e de aí a poder pedir un desexo, só un, a alguén que non se deixaba ver pero si escoitar.

Aquelas palabras tan misteriosas fixeron que un calafrio percorrera todo o seu corpo.

As mans suábanlle pero foi quen de abrila e sacar o papel que agochaba no seu interior. Tal e como dixera o avó faltaba unha parte, a do lado dereito. No lado esquerdo unha árbore debuxada, era o castiñeiro da eira! Por iso agocharan alí a chave... No centro unha casa... Unha casa que o seu avó lle dixo que era a da Tía María ou a Casa da Meiga, como lle chamaba a avoa, e non porque fixera meigallos senón porque sabía moito de plantas, era quen de facer mil e un remedios con elas.

Baixaron á cociña e Alén aínda coa emoción no corpo contoulle todo a avoa, quen colleu dunha cesta unha libra de chocolate do gordo, envolveulla nunha folla de xornal e díxolle:

- Meu neniño abrigate ben e lévalle isto á Tía María que ben sei eu que é o que máis lle gusta. Sé moi educado con ela, e todo o que pase despois é algo que terás que descubrir ti só, ao igual que o fixeron o teu avó e o seu irmán Eladio e o teu pai no seu momento. Déixate levar polo corazón...

Con estas verbas e fortes apertas, marchou Alén cara ao monte da Valiña en cuxo cumio estaba a casa da Tía María entre sobreiras, castiñeiros e carballos. Non había perda dela, era a única casa habitada que quedaba no lugar.

Cando chegou petou tres veces na porta e esperou pacientemente a que lle abriseran; a avanzada idade da muller facía que os seus pasos foran máis lentos.

Oíuse renxer a porta e abriuse a folla de arriba, da que logo se asomou a cabeza da Tía cuberta por un pano negro:

- Bos días Tía María.
- Bos días sexan pois, e logo ti ... de quen ves sendo?!
- Son Alén da casa de Fernando da Abialla.

Ela quedou mirando para el un anaco e dixolle:

- Es ben parecido ao teu avó neniño, pasa anda pasa, que fóra vai moito frío.
- Mandoute túa avoa buscar algunha planta, a ver... fiúncho para os catarros, macela para mellorar as dixestións, celidonia para as verrugas...
- Non Tía María, a avoa deume isto para vostede - a velliña colleu o paquete e sacoulle o envoltorio de xornal que amañaran na casa, cun sorriso na cara levou a libra de chocolate ata o nariz, e recendeuno durante un bo anaco - túa avoa sabe ben o que me gusta este chocolate, Deus llo pague, Deus volo pague...! Pero volvendo ao tema da túa visita, se non é polas plantas ten que ser porque vés na procura do anaco de mapa que che falta, non si? - Alén acenou coa cabeza mentres ela se puxo a remexer no caixón da lacena ata que sacou un papeliño do tamaño do que el tiña. Colleuno, e pondo enriba da mesa os dous anacos veu que coincidían perfectamente.
- O meu avó vendeulle na feira da Bandeira a metade do mapa ao avó do teu avó, escondido nunha caixiña de música... A avaricia da miña familia fixo que se tivera que desfacer del e a intelixencia da túa fixo que se conservara por moito tempo e se empregara ben como sempre tivo que ser. Recoñeces o sitio?
- Si, é o Monte das Covas, a onde nunca nos deixan ir a non ser que vaíamos acompañados dunha persoa maior - dixo mirando o mapa.
- Ben dito neniño, pero desta vez si que vas poder ir ti só. Dálle unha aperta aos teus avós cando volvas á casa ou, por se non o recordas, dilles: "Onde hai luz hai esperanza"

E con aquela petición da Tía María saíu da casa e botouse a andar cara o Monte das Covas.

Despois dunha hora e media chegou á que, sen dubidalo, era a cova principal. Era escura e do teito caían pingas de auga; non sabía moi ben o que tiña que facer, pero con valentía entrou dentro ata que chegou a unha zona na que xa non podía andar porque o camiño era moito máis estreito. Sentou nunha pedra que saía da parede e logo oíu como alguén petaba noutra.

- Levo moito tempo agardando por ti - dixo unha voz que co eco das paredes resoaba en todo o espazo - Espero que elixas ben o desexo que che vou conceder...

Alén cavilou un intre no que lle dixeran a súa avoa de pensar co corazón e, sen dubidalo, pediulle a quen o escoitaba que o seu idioma, o idioma dos seus devanceiros, o idioma galego, se gardara ben para poder transmitirllelo sen medos nin prexuízos a todos os que estiveran por vir, e que se acabara coas humillacións a quen o falara; pediu que os maiores construísen unidos con pedras de cantería e madeira de castiñeiro o hórreo que había de protexer o idioma galego.

Unha luz cegadora fixolle pechar os ollos... Cando os volveu abrir estaba acubillado na cama escoitando ao galo cantar. Baixou almorzar e recendeulle a café, entrou pola porta e o seu avó díxolle:

- Bos días meu neno, que non durmimos xuntos! e chiscoulle un ollo ao que el respondeu non sabendo moi ben o porque: "Onde hai luz hai esperanza". Palabras chave que fixeron rir aos avós, cómplices os dous.

A nai colleu o xornal e leulle unha nova a nivel nacional:

"Cada vez máis persoas falan galego e mostran interese pola nosa cultura: destaca o incremento de galegofalantes nas aulas de toda Galiza, o amor e o traballo feito de forma conxunta nestes últimos anos polo noso idioma está a obter os seus froitos...".

Aquel día a Alén as sopas de pan soubéronlle mellor ca nunca.